

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Extracto da convocatoria ao abeiro das bases reguladoras da concesión de becas para o estímulo da excelencia académica para a formación en centros de traballo (FCT) no estranxeiro - Ano 2019

Extracto da convocatoria ao abeiro das bases reguladoras da concesión de becas para o estímulo da excelencia académica para a formación en centros de traballo (FCT) no estranxeiro - Ano 2019

Obxecto.- Establecemento de condicións e procedementos a seguir para a solicitude e concesión, en réxime de concurrencia competitiva, de becas como estímulo da excelencia académica a través da formación en centros de traballo no estranxeiro como módulo profesional obrigatorio establecido para a obtención da titulación.

Persoas destinatarias.- Alumnado empadroado en Arteixo que esté matriculado en centro público de Formación Profesional nos niveis para os que se define a obrigatoriedade das prácticas. Para a realización das prácticas correspondentes ás FCT, teranse en conta os criterios legalmente establecidos pola administración educativa con competencias na materia.

Bases reguladoras.- A convocatoria realízase ao abeiro das bases reguladoras da concesión de becas para o estímulo da excelencia académica para a formación en centros de traballo (FCT) no estranxeiro vixentes publicadas no BOP

Contía.- O importe da consignación presupostaria ascende a 8.700 € con cargo a partida 320.48900 do presuposto ordinario para o 2019.

Criterios de valoración.- As bases reguladoras conteñen os criterios de concesión e criterios complementarios aplicables para a valoración das solicitudes e a concesión en concurrencia competitiva.

Prazo de presentación.- O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados dende o seguinte á publicación no BOP deste extracto.

Arteixo, 20 de febreiro de 2019

Asdo.: Celina Varela Suárez

Concelleira de Relacións coa Comunidade Educativa

2019/1435